



PLAN DIXITAL

AULAS de FONTÁN

[Versión 1.0_ xuño 2022]

ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

Introdución

Datos básicos da aula

Contextualización do plan dixital na aula. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Breve xustificación do mesmo

Proceso de elaboración

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitalis

Fontes empregadas para a análise DAFO

Análise DAFO

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Avaliación do PD

Seguimento do Plan de Acción

Propostas de mellora (revisión)

Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos da aula

Aula de Fontán

Enderezo: Lugar Fontán 40 CP: 36472, Salceda de Caselas.

Correo: cra.raina.aragonta@edu.xunta.gal

Enderezo web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/>

Código de centro: 36024318

Etapas educativas ofertadas: Educación Infantil.

Número de alumnos/as na aula: 9.

Profesorado das aulas: 9.

1.2. Contextualización do Plan Dixital na aula. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A aula de Fontán está situada no barrio de Fontán que se atopa na parroquia de Parderrubias.

A aula, que escolariza os 3 niveis do 2º ciclo de educación infantil, atópase nun recinto educativo pechado que conta con 1 construción de uso educativo. Dita construción distribúese en un espazo para aula, e outro espazo amplo para atencións individualizadas e tamén empregado para usos múltiples e patio de xogo en días de choiva. Conta tamén cun amplo patio exterior con areeiro e zona de xogos.

Trátase dunha edificación bastante antiga pero que logo de numerosas e constantes reformas e adaptacións conta cos servizos necesarios para a correcta atención do alumnado de educación infantil.

A dotación dixital deste edificio podemos calificala de media ao contar esta aula do equipamento dixital mínimo (Portátil, canón e encerado dixital interactivo). Tamén foi dotada ao igual que o resto de aulas dun equipo multifunción para atender as necesidades de impresión-escaner de carácter urxente. Todo elo tendo en conta que este equipamento require sempre dunha actualización constante que nos últimos cursos asumiu o propio centro á espera de que a administración educativa faga novas dotacións de material.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital xorde coa finalidade de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das TICs, dende aqueles relacionados con cuestións organizativas ata outros mais pedagóxicos e propios dos procesos de ensino-aprendizaxe. O marco lexislativo no que se encadra este plan é:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a confección do Plan Dixital fixemos unha análise das tarefas realizadas ata o momento así como tamén valoramos as necesidades dixitais que precisa o noso centro educativo. Plantexamos ao Equipo de Dinamización do Plan Dixital aqueles apartados nos que podería haber dúbidas sobre o seu contido para que finalmente sexa redactado polo coordinador.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- No que respecta a infraestrutura dixital do centro, debemos ter en conta que noso centro participa no programa de "Escolas Conectadas" da Consellería de Educación polo que todas e cada unha das aulas dispón de conexión wifi sen fíos. Si ben ao tratarse dun CRA as conexións

nas aulas de parroquias ás veces poden ser algo inestables mais a calidade do servizo é bastante boa.

- Na actualidade, o noso centro conta con varias aulas provistas de ordenadores portátiles e EDI en moitos casos mercados polo propio centro, sen embargo outras precisarían unha maior dotación de material dixital. Non contamos con sala de informática e tampouco formamos parte dalgún dos proxectos dixitais da Consellería xa que por norma xeral non se adaptan a nosa etapa educativa. A distribución do material dixital sería a seguinte:

- ✓ 16 Ordenadores portátiles correspondentes as 15 unidades de educación infantil dos cales 7 foron mercados con cartos do centro e outros 9 son procedentes da Consellería. A última dotación de ordenadores é do curso 2011-2012 polo que a maioría deses ordenadores atópanse en moi malas condicións.
- ✓ 16 EDI repartidos nas diferentes aulas, 7 nas aulas unitarias cunha antigüidade de 14 anos, 8 nas aulas do centro base mais unha na biblioteca
- ✓ 1 PDI que mercou o centro para a aula multisensorial.
- ✓ 5 ordenadores de sobremesa: 4 na sala de mestres e 1 na aula de música, todos eles practicamente obsoletos.

- Entre os servizos dixitais educativos empregados polo noso centro atopamos: ABALAR MÓBIL, páxina web do centro, e aula virtual, aínda que esta última foi habilitada fundamentalmente ante as posibilidades de confinamento durante o curso escolar actual.

- No que respecta ao mantemento do equipamento do centro, esta recae fundamentalmente no bo facer do profesorado de aí que entre os nosos obxectivos do PD incluamos un dirixido a esas labores. Ao mesmo tempo, nos gustaría reivindicar algo máis de soporte dende a Consellería neste aspecto así como tamén unha maior premura para solucionar incidencias ou repoñer material.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

No noso caso ao tratarse dun CRA únicamente dispoñemos de alumnado de Educación Infantil.

Areas	Grupos	Ensinanzas (EDUCACIÓN INFANTIL)
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,3
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8

	Profesorado	2,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,1
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,4

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	21	85,7%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	1	6	16,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
58,7	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	55,3	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,3%
A2	16	69,6%
B1	4	17,4%
B2	1	4,3%

C1	1	4,3%
TOTAL	23	99,9 %

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	-Dispoñemos dunha infraestrutura axeitada para o emprego das TICS -Debido ao protocolo que seguimos no centro a protección de datos está moi presente -Presenza de materiais dixitais nas aulas		-O centro conta cun bo número de dispositivos dixitais -Existe una boa colectividade no contorno educativo -Importancia do equipo TICS e o soporte da Consellería	
	PERSOAL DOCENTE	-A través dos materiais e recursos dixitais dispoñibles no centro desenvolvemos novas modalidades de ensino -As tarefas compartidas entre aulas permiten reforzar os intercambios educativos. -Tentamos incentivar o uso de recursos online e interactivos -Apostamos pola comunicación dixital con toda a comunidade educativa -Forma parte da nosa ideoloxía como centro favorecer e promover a creatividade infantil -A igualdade de oportunidades entre o alumnado tamén preside a nosa programación do eido dixital -As bases metodolóxicas do noso centro favorecen a realización de proxectos interdisciplinares -Adoitamos facer una autoavaliación da nosa competencia dixital. -Analizamos que aspectos funcionaron ou non durante o curso	-Non podemos facer una avaliación real da acción docente dixital sobre o alumnado	-No claustro existe una gran diversidade de metodoloxías dixitais -As posibilidades formativas do profesorado facilitan a participación nas actividades dixitais -Dentro das posibilidades individuais do profesorado fomentamos a creación de recursos dixitais -O centro favorece o acceso a aprendizaxes virtuais -Partimos sempre da diversidade do alumnado para presentar a acción educativa -A pesar das dificultades que presentan as novas tecnoloxías en alumnado tan pequeno, dispoñen dunhas condicións ideais para a colaboración dixital -Prestamos atención as demandas da comunidade educativa no que respecta as novas tecnoloxías	-Debido as particularidades do noso centro é realmente difícil traballar de xeito colaborativo. -O cambio de profesorado limita que exista una continuidade no traballo

	PERSOAL NON DOCENTE				
	ALUMNADO	-Presenza de materiais dixitais nas aulas	-En ocasións non logramos que todo o alumnado teña una boa competencia dixital	-Unha boa competencia dixital do alumnado nos permite desenvolver metodoloxías novas de aprendizaxe	
	FAMILIAS				
	OFERTA	-A través dos materiais e recursos dispoñibles no centro desenvolvemos novas modalidades de ensino			
	ORGANIZACIÓN DOCENTRO	-Intentamos seguir una estratexia dixital común mediante a programación de actividades. -A través dos materiais e recursos dispoñibles no centro desenvolvemos novas modalidades de ensino		-O centro propón actividades dixitais común entre o profesorado Importancia do equipo TICS e o soporte da Consellería	

EXTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-O centro ten en conta sempre a lexislación no que se refire a aspectos de índole dixital		-O soporte da Consellería e os novos materiais que se poidan adquirir serán fundamentais para o desenvolvemento dixital	
	LEXISLACIÓN				
	CONTORNA				
	ANPA				

	OUTRAS ENTIDADES				
--	------------------	--	--	--	--

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración dos obxectivos, tivemos en conta o DAFO, test CDD e o informe SELFIE elaborados con anterioridade así como tamén valoramos as necesidades e carencias que creemos que ten o centro baixo un punto de vista dixital. Quixemos plantexar obxectivos realistas e factibles para que poidan ser acadados e mellorar pouco a pouco a competencia dixital do noso colexio.

“Área/s de mellora”:						
1. OBXECTIVO (1):	Realizar publicacións mensuais na páxina web do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Conseguir que a maioría do profesorado realice unha publicación mensual					
Valor de partida (3)	Ao redor do 60% do profesorado fai unha publicación ao mes					
Valor previsto e data (4)	Acadar un 100% de publicacións por parte do profesorado			3ºT		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO1.1: Poñer a disposición do profesorado información sobre cómo publicar na páxina web	Coordinador de tICS	30 de setembro	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Comezar con publicacións sinxelas como primeira toma de contacto	Titores e especialistas do centro	2º Trimestre	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar publicacións periódicas mensuais	Titores e especialistas do centro	3º Trimestre	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
2. OBXECTIVO (1):	Empregar con regularidade o Encerado Dixital Interactivo				Acadado	
RESPONSABLE:	O equipo directivo				Non acada-do	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Introducir o EDI como un elemento mais para traballar na aula					
Valor de partida (3)	O uso deste recurso é practicamente inexistente					
Valor previsto e data (4)	Realizar un uso semanal do EDI mediante actividades e aplicacións sixelas			3ºT		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO1.1: Nocións básicas de funcionamento do EDI	Equipo directivo e coordinador de TICS	1ºT	Ordenador e EDI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Presentación de webs e apps para traballar co EDI	Equipo directivo e coordinador de TICS	2ºT	Ordenador,EDI e apps		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Introducir o EDI no traballo semanal do profesorado e o alumnado	Titores e especialistas do centro	3ºT	Ordenador,EDI e apps		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
3. OBXECTIVO (1):	Coidar e manter en bo estado o material dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acada- do	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Facer un bo uso dos materiais dixitais e preocuparse polo seu estado					
Valor de partida (3)	Moi pouco profesorado realiza un control e mantemento dos dispositivos dixitais que emprega					
Valor previsto e data (4)	Conseguir que practicamente todo profesorado coide e fago un bo uso destes materiais			3ºT		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaborar un listado de tarefas básicas de mantemento e coidado do material dixital	Equipo directivo e coor- dinador de TICS	1ºT	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Levar a cabo unha aproximación do profesorado ao coidado dos equi- pos e materias TICS	Titores e especialistas do centro	2ºT	Ordenadores, EDI, Canón		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Desenvolver revisións periódicas do material dixital presente nas aulas	Titores e especialistas do centro	3ºT	Ordenadores, EDI, Canón		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora						
4. OBXECTIVO (1):	Desenvolver tarefas e cursos de formación dixital con certa periodicidade					
RESPONSABLE:	Equipo directivo e dinamización de TICS					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Promover cursos de actualización dixital e de creación de contidos interactivos					
Valor de partida (3)	A formación dixital por parte do profesorado é moi deficiente					
Valor previsto e data (4)	Acadar que a lo menos a metade do profesorado participe activamente en actividades que melloren a súa competencia dixital					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO1.1: Concretar que aspectos requiren dunha maior actualización	Equipo directivo e coor- dinador de TICS	1ºT	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer propostas de formación dixi- tal de cara ao vindeiro trimestre	Titores e especialistas do centro	2ºT	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar unha pequena formación na que participe a gran maioría do profesorado	Titores e especialistas do centro	3ºT	Ordenadores e EDI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 . Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No que respecta as necesidades de equipamento ,podemos sinalar que para poder desenvolver o PD e mellorar a condicións dixitais do noso centro, precisaríamos de xeito urxente do seguinte material:

- Renovación dos ordenadores de sobremesa da sala de mestres que están totalmente obsoletos. (x5)
- Dispor de Pantallas Dixitais Interactivas naquelas aulas nas que se realiza actividades fundamentalmente dixitais.(x7) en substitución das que xa posúen 14 anos de antigüidade
- Trocar ordenadores portátiles naquelas aulas que o centro non puido mercar uns novos por falta de presuposto. (x5)
- Material dixital diverso: altofalantes (x8), impresoras (x2).

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando: - No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. - No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para a difusión deste plan, se informará ao claustro e posteriormente será aprobado en Consello Escolar. Unha vez realizado este se publicará na páxina web do centro. Do mesmo xeito, quedará unha copia en secretaría a disposición de toda a comunidade educativa.